



Concello do Grove

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A EVENTOS DEPORTIVOS DO CONCELLO DO GROVE. ANO 2023

O Concello do Grove, consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas disciplinas e coñecedor das carencias ás que se enfronta, establece as bases reguladoras de concesión de subvencións públicas destinadas a promover, fomentar e impulsar as actividades deportivas segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Serán obxecto destas axudas os eventos deportivos que organicen as entidades solicitantes durante o exercicio 2023 desde o 01.01.2023 ata o 30.11.2023 no Concello do Grove, que sexan de especial relevancia para a vila polo seu nivel competitivo, por fomentar a práctica deportiva e pola súa transcendencia desde o punto de vista económico e de promoción do municipio.

Dado o carácter de promoción e fomento do deporte polo que aposta o Concello do Grove, nos eventos que sexan obxecto desta subvención deberá facerse constar en toda a publicidade que teña que ver co mesmo e por calquera medio no que se publicite, que se encontra subvencionado polo Concello do Grove.

PRIMEIRA. Obxecto

A finalidade desta convocatoria é apoiar ás entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro na realización de eventos deportivos durante o ano 2023 (01.01.2023 a 30.11.2023).

A contía global das axudas será acordada pola Xunta de Goberno con cargo ao crédito da partida 341.48001 do orzamento municipal neste ano 2023, e non poderá superar a contía de 20.000,00€. Este importe será repartido entre os clubs solicitantes segundo os criterios que se establecen na base sétima, sen que a concesión implique para o beneficiario dereito ningún para anos posteriores.

A cantidade da axuda percibida por cada club non poderá superar o 50% do gasto total do evento que organice.

A axuda non excederá de 5.000 € por evento.

SEGUNDA. Solicitantes e requisitos

Poderán solicitar estas axudas as entidades/asociacións deportivas que cumpran as seguintes condicións:

- Estar validamente constituídas e que teñan o seu domicilio social no Concello do Grove.
- Atoparse debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello do Grove (RMA).
- Carecer de fins de lucro.
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

- Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

As axudas serán incompatibles con aqueles eventos deportivos que xa reciban algunha axuda doutra concellaría deste Concello do Grove.

TERCEIRA. Documentación da solicitude

- Folla de solicitude: Anexo I.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e autorizar ao Concello para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente e sen débedas na Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e na Seguridade Social. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo e achegar os documentos que correspondan.
- Cartel e memoria explicativa dunha actividade concreta realizada pola entidade que deberá incluír data e lugar de celebración, número de participantes, etc, asinada pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realicen ao longo de todo o ano.
- Orzamento de gastos e ingresos detallado e totalizado dunha actividade concreta e determinada.
- Declaración responsable: Anexo II.
- Calquera outra documentación que crean que deba ser tomada en consideración.

Cada entidade so poderá presentar a solicitude para unha única actividade deportiva.

CUARTA. Lugar e prazo de admisión de solicitudes.

As solicitudes acompañadas da documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica do Concello do Grove (<https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica do Concello do Grove admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve e certificados electrónicos (incluídos o DNIe).

O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación no BOP destas bases.

Forma de presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello do Grove.

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

Un pdf por cada documento:

1. Folla de solicitude: Anexo I
2. Certificados de estar ao corrente coas distintas administración públicas, no caso de que non autoricen a consulta por parte do Concello do Grove.
3. Cartel e memoria explicativa do evento.
4. Orzamento de gastos e ingresos
5. Declaración responsable: Anexo II
6. Calquera outra documentación que crean que deba ser tomada en consideración.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de requirimento da presentación da documentación da maneira sinalada no parágrafo anterior.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza o Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

QUINTA. Gastos subvencionables

Conceptos	Subconceptos
Primas e seguros	Seguro de Responsabilidade Civil para o evento Seguro de participantes para o evento Outros seguros relacionados co evento
Publicidade, propaganda e relacións públicas	Deseños e carteis do evento Redes sociais da entidade ou evento Páxina web da entidade ou evento Outros
Compras	Material de oficina para o evento Ferraxería para o evento Droguería para o evento Trofeos e placas para o evento Outro material para o evento
Servizos	Aluguer de material para o evento Aluguer de instalacións para o evento Montaxe e desmontaxe do evento Traslados de material para o evento Traslados de persoal para o evento Aloxamentos de persoal para o evento Plan de Seguridade e Emerxencias para o evento Servizos sanitarios para o evento Servizos federativos para o evento: xuíces, oficiais, etc.

SEXTA. Tramitación de solicitudes

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

A comisión avaliadora revisará os expedientes de solicitude e verificará que teñan a documentación esixida. Se a documentación está incompleta, requirirase ao solicitante para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os erros detectados, facéndolle saber que no caso de incumprimento a súa solicitude archivarase sen máis trámite.

SÉTIMA. Criterios para a concesión da subvención

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva, tendo en conta para a adxudicación das axudas os seguintes criterios:

A. Memoria do evento deportivo

1. Ámbito e carácter do evento.

Será obxecto de valoración, ata un máximo de 20 puntos, o carácter oficial do evento e o seu ámbito provincial, autonómico ou nacional.

- Eventos deportivos nacionais de carácter oficial.....20 puntos.
- Eventos deportivos nacionais de carácter non oficial 10 puntos.
- Eventos deportivos autonómicos de carácter oficial.....10 puntos.
- Eventos deportivos autonómicos de carácter non oficial..... 5 puntos.
- Eventos deportivos provinciais de carácter oficial.....5 puntos.
- Eventos deportivos provinciais de carácter non oficial.....3 puntos.

Para os efectos da valoración do ámbito “autonómico ou nacional” dun evento deportivo terase en consideración:

- A nivel nacional en deportes de equipo, a participación de 3 equipos representando, polo menos, outras tres comunidades autónomas. E a nivel autonómico, a participación de tres equipos representando tres provincias.
- En deportes individuais a nivel nacional, terán que ser un mínimo de 10 deportistas representando, polo menos, tres comunidades autónomas; a nivel autonómico, 10 deportistas representando, polo menos, tres provincias.

2. Duración do evento.

Será obxecto de valoración, ata un máximo de 10 puntos, a duración do evento, computándose esta polo número de días de competición.

- De 3 días ou máis.....10 puntos.
- De 2 días.....6 puntos.

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

- De 1 día3 puntos.

3. Historial deportivo do evento.

Será obxecto de valoración, ata un máximo de 8 puntos, o interese público do evento para o concello a través do seu historial deportivo en relación co número de edicións, a relevancia posta de manifesto a través da súa continuidade e o nivel deportivo contrastable polo número de deportistas destacados e o palmarés deportivo.

- Relevancia na participación.....3 puntos.

Número de edicións celebrándose a proba, valoraranse:

- Máis de 20 anos.....5 puntos.
- De 10 a 19 anos.....3 puntos.
- De 5 a 9 anos.....1 punto.

4. Número de participantes.

Será obxecto de valoración, ata un máximo de 15 puntos, participantes de deportes individuais (deportistas) ou de deportes de equipo (equipos), tomando en consideración a participación na última edición celebrada.

Número de participantes en deportes individuais:

- De 251 deportistas ou máis.....15 puntos.
- De 151 a 250 deportistas.....12 puntos.
- De 51 a 150 deportistas.....8 puntos.
- De 10 a 50 deportistas.....5 puntos.

Número de participantes en deportes de equipo:

- De 12 equipos ou máis.....15 puntos.
- De 8 a 11 equipos.....12 puntos.
- De 4 a 7 equipos.....8 puntos.

*En eventos onde se cobre por participar, estes puntos non computarán.

5. Promoción deportiva.

Será obxecto de valoración, ata un total máximo de 12 puntos:

- A incidencia que desde o punto de vista turístico, promocional da vila, económico, de seguimento e a divulgación que a través dos diferentes medios de comunicación, tanto a nivel autonómico como nacional, represente a celebración do evento (3 puntos).

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

- A promoción deportiva referida a deportes tradicionais e deportes minoritarios de difícil captación (3 puntos).
- A promoción deportiva referida a actividades que fomenten a igualdade e a integración no deporte (3 puntos).
- A promoción deportiva referida a actividades para persoas con discapacidade e que fomente a práctica deportiva inclusiva (3 puntos).

As entidades solicitantes deberán obter, polo menos, unha valoración do proxecto presentado cunha puntuación de 20 puntos.

Será de aplicación o seguinte baremo para a concesión de colaboracións:

PUNTUACIÓN	PROPOSTA ECONÓMICA
61 puntos ou máis	5.000 €
51 a 60 puntos	4.000 €
41 a 50 puntos	3.000 €
31 a 40 puntos	2.000 €
20 a 30 puntos	1.000 €
Menos de 20 puntos	Outorgaráselle a correspondente cantidade segundo os puntos obtidos.

En cada punto sóbense 100 €. Se un evento consegue 26 puntos, correspóndenlle 1.600 €; se outro consegue 52, pertécenlle 4.100 € e así sucesivamente.

B. Orzamento de gastos do evento.

A cantidade percibida por cada entidade deportiva non poderá superar o 50% do gasto total do evento e nunca excederá de 5.000€.

OITAVA. Xustificación evento.

Os gastos deberán axustarse aos conceptos establecidos na base quinta e no orzamento e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificantes referidos a alimentos e bebidas que sexan adquiridos polo club e/ou asociación coa intención de obter algunha contraprestación económica pola súa entrega ou reparto.

A xustificación deberá incluír a totalidade dos custos presentados na solicitude da subvención que foron os que se utilizaron para a concesión das axudas. Os custos da actividade deberán ser xustificadas conforme o indicado nesta base oitava, e sobre ela determinárase o importe concedido.

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

Para xustificar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

1. Anexo III: Conta xustificativa, na que se relacionarán os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude.
2. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e autorizar ao Concello para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente e sen débedas na Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e na Seguridade Social. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo e achegar os documentos que correspondan.
3. Anexo IV: Relación de facturas.

Facturas oficiais e que cumpran os requisitos legais, expedidas a nome do club, onde conste a subministración ou servizo prestado polo/a provedor/a. Deben ter relación directa coa actividade subvencionada. Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 500 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou CIF e sinatura).

En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificados, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideren gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

4. Un PDF coas facturas escaneadas do 100% do orzamento presentado, e os seus xustificantes de pago ordenados no mesmo xeito que aparecen no anexo IV e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc).
5. Anexo V: Declaración responsable do representante da entidade subvencionada. No caso de que a subvención outorgada polo Concello do Grove sumada ás obtidas de outras entidades públicas/privadas superen o importe total dos gastos, a subvención reducirase de xeito proporcional.
6. Certificación bancaria da existencia de conta a nome da asociación ou club aos efectos do ingreso da subvención.
7. Xustificación da publicidade da financiación municipal da actividade obxecto de subvención mediante algúns dos seguintes medios no que figurará o logotipo do concello: carteis publicitarios nas competicións,

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

dípticos, anuncios, indumentaria deportiva, vehículos, A xustificación acreditarase documentalmente mediante fotografías.

NOVENA. Prazo e lugar de admisión da conta xustificativa

O prazo para a presentación da conta xustificativa rematará o 05 de decembro de 2023.!

A conta xustificativa con toda a documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentarse a través da sede electrónica do Concello do Grove.

Os documentos xustificativos recollidos na base oitava deberán vir recollidos nun pdf para cada anexo, debendo os pdfs ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

A falta de xustificación dentro do prazo establecido dará lugar á perda da subvención.

DÉCIMA. Tramitación conta xustificativa e resolución do recoñecemento da obriga das subvencións concedidas.

A comisión avaliadora revisará e verificará que teñan a documentación esixida. Se a documentación está incompleta, requirirase ao solicitante para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os erros detectados, facéndolle saber que no caso de incumprimento a súa solicitude arquivarase sen máis trámite.

A instrución do expediente realizaraa a persoa designada polo concelleiro delegado de deportes, que emitirán os correspondentes informes ao respecto.

UNDÉCIMA. Pago.

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, remitirase o expediente á Intervención para as comprobacións que procedan e posterior tramitación para o seu pago.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

1. No caso de que se xustifiquen gastos polo 100% do orzamento presentado aboarase a totalidade da subvención concedida.
2. No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% aboarase a parte proporcional da subvención.

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería municipal.

DUODÉCIMA. Reintegro da subvención concedida.

Procederá o reintegro da cantidade percibida, sempre e cando se produza o incumprimento das presentes Bases e, nos supostos que estableza a Lexislación aplicable.

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo club, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan.

Para todo o non previsto nestas bases estarase á normativa xeral:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Concelleiro delegado de deportes
Francisco Parada Carballa

O Grove, asinado dixitalmente.

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

Anexo I: Folla de solicitude subvención eventos deportivos.

Nome do club:	CIF:
Enderezo:	Teléfono:
Fax:	Correo electrónico:
Nome do/a representante:	
DNI:	Cargo directivo:
Teléfono:	Correo electrónico:
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante	
AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS: Autorizo ao Concello do Grove á consulta e/ou solicitude das certificacións das administracións públicas seguintes. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. • Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT ☐ Non autorizo • Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA ☐ Non autorizo • Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa SS ☐ Non autorizo	
Documentación achegada coa solicitude (entregar un pdf por apartado): ☐ Anexo I: Solicitude. ☐ Certificados administracións públicas estar ao corrente de pagos. ☐ Memoria deportiva do Evento. ☐ Orzamento de gastos e ingresos. ☐ Outra información que crea que deba ser tomada en consideración.	
_____, ____ de _____ do 20__ Asinado dixitalmente (representante do Club): _____	

Anexo II

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SOLICITUDE

D/Dª _____

con D.N.I. _____ en calidade de representante da entidade _____
DECLARA:

1º Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición para acceder a condición de beneficiaria da subvención do concello do Grove de conformidade co establecido no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, lei xeral de subvencións, nin do artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade social, a CCAA e co Concello do Grove.

3º Esta entidade (sinalar o que proceda) solicitou ou recibiu outras subvencións ou axudas por parte de outras entidades públicas ou privadas para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención:

SI	
NON	

En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

Relación de axudas de entidades públicas/privadas	Solicitud de data	Concesión (indicar si se ha concedido/denegado/pendente	Importe

E para que conste a os efectos da solicitude da subvención suscribo a presente en _____, ____ de _____ 2023.

Asinado dixitalmente (representante do Club): _____

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.





Concello do Grove

Anexo III: Conta xustificativa subvención eventos deportivos.

Nome do club:	CIF:
Enderezo:	Teléfono:
Fax:	Correo electrónico:
Nome do/a representante:	
DNI:	Cargo directivo:
Teléfono:	Correo electrónico:
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante	
Subvención concedida polo Concello do Grove: _____ €	
AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS: Autorizo ao Concello do Grove á consulta e /ou solicitude das certificacións das administracións publicas seguintes. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. • Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT ☐ Non autorizo • Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA ☐ Non autorizo • Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa SS ☐ Non autorizo	
Documentación achegada coa conta xustificativa (entregar un pdf por apartado): ☐ Anexo III: Conta xustificativa. ☐ Certificados administracións públicas estar ao corrente de pagos ☐ Anexo IV: Relación de facturas. ☐ Facturas escaneadas e xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que no anexo IV. ☐ Anexo V: Declaración responsable. ☐ Certificado bancario ☐ Xustificación da publicidade da subvención	
_____, ____ de _____ do 20__ Asinado dixitalmente (representante do Club): _____	

Anexo IV: Relación de facturas presentadas para xustificar á subvención.

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.



[illegible]

_____, ____ de _____ do 20__

Anexo V: Declaración responsable

Cod. Validación: 3HE4DGYD2PAZEN5XCNRFM EYLH
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma





Concello do Grove

D/Dña. _____ con
DNI: _____ como representante do club/entidade
deportiva _____ con CIF _____.

DECLARO:

1. Que os gastos detallados son reais e foron aplicados á actividade subvencionada.
2. Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se
3. refire o artigo 13.2 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello do Grove, ás que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Que a entidade ou organismo ao que represento está ao corrente na súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, coa Seguridade Social e co Concello do Grove.
6. Que a entidade ou organismo ao que represento non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

En caso afirmativo:

Relación de axudas de entidades públicas/privadas para a mesma finalidade	Importe

7. Que o total da subvención outorgada polo Concello sumada ás recibidas por outras entidades públicas/privadas non superou o importe total dos gastos
8. Que son certos os datos consignados na presente conta xustificativa e acepto someterme as normas aplicables e a facilitar a información e documentación, que, no seu caso, sexa requirida polo concello

E para que conste, asino esta declaración.

_____, ____ de _____ do 20__

Asinado dixitalmente (representante da entidade)

Dilixencia para facer constar que: as presentes bases foron asinadas polo concelleiro de Deportes o día 07-11-2023 e posteriormente aprobadas pola Xunta de Goberno Local realizada o día 08-11-2023.

